

ÍNDICE

- INTRODUCCIÓN
- O PROBLEMA DA ORIXE A E EVOLUCIÓN DO SER HUMANO
 - Evolución biolóxica.
 - Euxenesia. Uso abusivo da ciencia.
 - Evolución cultural.
- A EVOLUCIÓN HUMANA. O PROCESO DE HOMINIZACIÓN
 - Nivel anatómico.
 - Nivel fisiolóxico.
 - Nivel psíquico.
 - A evolución humana.
- A HUMANIDADE ENFRONTADA E DIVIDIDA
- Diferencias por raza. A problemática racial.
- Diferencias por sexo. Dimorfismo sexual e división do traballo.
- Problemática vinculada ó proceso de hominización.
- A CULTURA
- A sociedade humana e a cultura.
- Concepto de cultura.
- A morte e a cultura.
- O relativismo cultural.
- DIALÉCTICA NATUREZA-CULTURA
- O biolóxico e o cultural.
- Da evolución biolóxica á evolución cultural.
- Dialéctica natureza-cultura.
- O animal paradoxico: a razón e a senrazón.
- A COMPLEXIDADE DO SER HUMANO ANTE A CULTURA
- INTRODUCCIÓN

Dende os principios da existencia do home na Terra, este tivo que preguntarse: ¿cómo viñen ata aquí?. As diferentes respostas dadas por grandes ilustres deron lugar a teorías de cómo o home chegou a ser home. As respostas eran principalmente explicacións de cómo vían eles a evolución do home.

Durante tódolos séculos fóronse dando diferentes teorías sobre o evolucionismo; pero so nos imos centrar nas dos personaxes máis significativos.

• O PROBLEMA DA ORIXE E A EVOLUCIÓN DO SER HUMANO

- *Evolución biolóxica.*

Hoxe en día para que unha teoría sexa certa hai que demostrala mediante métodos científicos entre os que destacan a bioloxía, xenética, antropoloxía, psicoloxía, etc.

Non tódalas teorías formuladas puideron ser demostradas polo que quedaron, por así dicilo, no tinteiro.

Agora é incuestionable que existe unha evolución a tódolos niveis moi lenta, nalgúns aspectos menos, pero inevitable en todos eles.

Facendo un repaso na historia diríase que a primeira teoría importante foi a **Fixista**; esta teoría mantiña que as especies permanecían inalterables ó longo do tempo (todo era, é e será como o coñecemos). Tivo variación relixiosas que lle daban un matiz divino. Bonnet e Cuvier mantiñan o matiz divino afirmando que se unha especie desaparecía pronto aparecía outra especie superior.

O **evolucionismo**, desenrolado por Lamarck, mantén que as especies adaptanse ós cambios desenvolvendo ou atrofiando órganos. O problema ó que se enfrontaba dita teoría é que non explicaba como se herdaban os cambios nas especies.

Co nacemento da **Teoría de Darwin**, aínda que a descubrera á vez Wallace, empeza unha loita entre esta e o evolucionismo que parece ser que gaña a de Darwin. A diferenza co evolucionismo é que é un proceso de selección natural no que o mellor dotado sobrevive. Ó seren cada vez mellores os individuos estes reproducense moito mellor polo que escasea a comida e ten que haber de novo outra selección natural.

A Teoría de Darwin ten a mesma dificultade que a de Lamarck: ningunha das dúas explica como se herdán as características.

A **xenética** nace cos estudos de Mendel. Sábese que os xenes son os responsables dos caracteres fisiolóxicos de cada un; os xenes gardan a información (cor dos ollos, do pelo,...). Os xenes transmítense nos espermatozoides que o chegaran ó óvulo fúsiónnase cos deste. Na información dos xenes pode haber cambios espontáneos chamados mutacións pero que todavía non están muy estudiadas.

Existe unha teoría que é intermedia á da xenética e á de Darwin, esta teoría é o **Neodarwinismo**. As mutacións dos xenes poden ser boas ou malas pero sempre ó azar; a selección natural entra en xogo ó momento de sobrevivir.

O Darwinismo creou unha vertente chamada **Darwinismo social**, tamén chamado racismo. Esta teoría considera que unha clase social, raza ou etnia é superior a tódalas demais.

Outra teoría racista foi a sociobioloxía que interpretaba doutra maneira o comportamento dos seres vivos. Wilson o pai desta teoría foi acusado de pronazi e racista.

O problema principal é que se intenta dar unha explicación a un comportamento que pode ser adaptativo ou non. Non tódolos comportamentos están delimitados pola selección natural ou a xenética.

- ***Euxenesiaa. Uso abusivo da ciencia.***

Hoxe en día úsase a ciencia non para arranxar problemas senon para evitalos nun futuro. Dase a elección de desfacerse dun individuo incompleto ou mal formado.

A eugenésia entra no campo da moral de cada individuo.

- ***Evolución cultural.***

A evolución humana non só é biolóxica senón que hai outra evolución complementaria, a **evolución cultural**. Coa ausencia de evolución biolóxica a evolución cultural non se levaría a cabo; aínda que a cultural sexa a máis importante e máis rápida das dúas.

Os primeiros homes non podían transmitirse entre eles solucións dos problemas desenvolto. Pero agora

pódese transmitir estas solución a través do linguaxe ou da escritura; isto permite ós demais individuos non partir de cero fronte un problema, sempre poderán recurrir ó que se lle dixo que era máis fácil para resolver o problema.

A evolución cultural é claramente Lamarckista xa que os coñecementos adquiridos ó longo da vida son transmitidos de pais a fillos.

A evolución cultural é moi poderos, está chegando a exercer un poder sobre a biolóxica; hoxe en día non hai unha clara selección natural xa que a menciña pode exercer un virtual control sobre a natalidade, enfermidade...

• **A EVOLUCIÓN HUMANA. O PROCESO DE HOMINIZACIÓN**

• ***Nivel anatómico.***

Coa aparición do cerebro mediante a evolución, éste desenvolveuse ó longo dos séculos e provocou que aumentara de tamaño. Para que o cerebro aumentara de tamaño a evolución deunos un cranio máis voluminoso e pesado; o peso deste órgano facíase inaguantable para un cuadrúpedo polo que se adoptou a posición erecta. Asimismo probocou a liberización da man que pasou a ser un órgano para asir cousas. Coa evolución cultural de por medio e a aparición do linguaxe a boca modelouse para falar e deixou de ser fuciño. O maior descubrimento do home na súa historia, o lume, provocou a diminución da mandíbula e a progresiva desaparición dos incisivos o poderen coce-los alimentos e que asimismo foran máis brandos.

• ***Nivel fisiolóxico.***

O ser antropomorfo ten que estar durante un ano aproximadamente como período de adaptación ó medio exterior para que se poida dicir que é un ser aberto. Un neno recién nacido non ten capacidade para andar, non ten a pelve desenrolada, columna vertebral en s.

A xuvenilización ten un carácter de afectividade como cando o recém nacido recibe cariño de súa nai. Cando o home crece necesita ese cariño ou afecto, polo que busca a alguén para compartilo.

A diferenza entre o sexo feminino humano e outro mamífero é que o humano ten a súa persistencia asegurada. Mentres que os primates teñen un período de celo dun ano, as femias humanas teñen o mesmo período de celo cada 28 días aproximadamente.

• ***Nivel psíquico.***

Mentres que tódolos animais teñen un sistema de defensa: coirazas, velocidade...; o animal humano non tiña nada polo que tivo que aprender destrezas e habilidades.

A adquisición das primeiras armas como posibles instrumentos para a caza, aínda que puideron usarse como instrumentos de recolección. A nós hemos doado imaxinar como empezaron a usar armas porque temos noción do que é, pero os homes de entón non a tiñan polo que tardaron en darse de conta.

Co descubrimento de lume, xa mencionado anteriormente, o home puido ten un sono máis profundo pola protección que este daba pola noite.

Outro descubrimento que deu ó home o control das leis de reprodución das plantas da natureza foi a agricultura.

• ***A evolución humana.***

A orixe do ser humano débese dun proceso evolutivo moi lento e moi complexo. eSte proceso empeza coas bacterias que derivan en animais e plantas mariñas, tendo en conta que se considera que a vida empezou no mar. Estas especies mariñas invadiron ou conquistaron a terra. Durante un longo proceso de selección natural de enes chegou ata a aparición dos primeiros homínidos que se diferencian dos monos mediante o longo proceso anteriormente mencionado.

Os primeiros homínidos son os **Austrolipitecos** que empezaron a dar formas humanas máis actuais ó teren o burato occipital máis centrado e a pelve máis larga. Estes antropomorficos tiñan a **pebble culture** (cultura de pedras toscas) e consumían herbas.

Moito despois apareceu o **homo erectus** que tiña unha cultura moito máis avanzada; certa organización social, primitivo linguaxe e cultura lítica **Achelense**.

Uns dos homínidos máis parecidos a nós na historia era o **Neanderthal** que carecía de mantón e posuía a cultura lítica **Musteriense** (pedras talladas). Empezaron a usar abrigos naturais e enterraban ós mortos.

O homínido máis avanzado era o **home de Cromagnón** tamén chamado **home das cavernas**. Éste xa facía instrumentos de marfil, osos...; practicaba a caza e a recolección. Durante este período empezou a aparecer unha división sexual do traballo: as mulleres dedicábanse á recolección e os homes á caza. Queda por demostrar que tiveran rituais máxicos relacionados coa caza e cos mortos.

- **A HUMANIDADE ENFRENTADA E DIVIDIDA**

- **Diferencias por razas. A problemática racial.**

Polo momento imos considerar raza a *unha poboación de seres humanos que comparten certos caracteres anatómicos observables e certas frecuencias de caracteres transmitidos xenéticamente.*

O principal obxectivo das guerras era a consecución da superioridade entre pobos intentando que fora o teu o único pobo (raza) sobrevivinte. A pesar de que as guerras provocan mortes e desolación alí por onde pasan, éstas fan que o progreso vaia máis rápido.

O grupo máis misturado de razas no mundo e o que presume se-lo máis antigo do planeta é o grupo dos europeos. Non existe unha raza que sexa mellor que outra ou que sexa pura; con moito poderíase dicir: *a diferenciación racial humana en realidade non vai máis alá da cor da pel.*

Non obstante está demostrado que a cor da pel depende do clima no que nos atopemos: pel clara para rexións frías e pel oscura para rexións intertropicais.

O maior problema do racismo é que se establece unha relación entre a cor da pel e a maneira de comportarse, nivel cultural, forma de pensar...

- **Diferencias por sexo. Dimorfismo sexual e división do traballo.**

Co aumento do cranio para albergar un cerebro máis grande, provocou nos especimes femininos un alomgamento da pelve para poder parirlos; asimismo volvéronse inútiles para correr, cazar... Unha organización social bastante desenvolvida chegou a *especialización dos machos na defensa do grupo e das femias na reprodución.*

Aínda de estar dalgunha maneira sometida a muller ó home, ésta era capaz de controlalo coa fecundación. *Venerada e temida pola súa fecundidade.*

O home o non poderen controla-la fecundidade creou para eloa división sexual do traballo. Ó home atribúese

o poder de *quita-la vida* (cazar e guerrear) e á muller otórgaselle o poder de *dar vida* (nai, cultivar).

- **Problemática vinculada ó proceso de hominización.**

Existen varias teorías explicando o orixe da humanidade:

- Monoxenismo: os antepasados proceden dunha única parella de individuos.
- Monofiletismo: os antepasados xurdiron dunha mesma liñaxe e centro.
- Polixenismo: hai varios individuos ou parellas.
- Polifiletismo: varias liñaxes ou centros.

As razas humanas non son especies separadas, senón subespecies.

- **A CULTURA**

- **A sociedade humana e a cultura.**

Os homes viven en sociedade non porque sexan homes, senón porque son animais. Con esta frase esplicase en maior medida a vida do animal humano. A idea de sociedade existe en tódolos animais non humanos pero o home levou este tipo de vida ó extremo creando leis, modelos... que, en definitiva, con os que marcan a diferenza entre a sociedade humana da animal. Esta diferenza é a cultura, feito polo que o home intenta desprenderse das súas raíces animais. *A cultura é, en gran parte, o modo humano de satisfacer as esixencias biolóxicas*⁵.

Un individuo, nada máis nacer, é absorvido pola sociedade mediante as súas regras, costumes, en xeral pola cultura do pobo; pero á vez que é absorvido convertese nun proceso de aprendizaxe no que se adapta ós grupos.

O único animal capaz de determinar calidades morais é o home; quizais por iso mesmo é un animal político en maior grao.

A linguaxe humana é flexible: pódese nomear ideas, sensacións e tamén pode ter valores de pasado, presente, futuro e imaxinario.

Se non hai pensamento simbólico, lingüístico, conceptual non hai linguaxe, e se non hai linguaxe non hai pensamento deste tipo. *O símbolo é a clave da natureza humana.*

- **Concepto de cultura.**

A cultura é a resposta que o home da as súas necesidades básicas. Estas necesidades están representadas no modo de vida dun pobo, o que lle chamamos cultura.

- **A morte e a cultura.**

As ciencias creadas polo home non se ocupan da morte senón que asumen que é o fin que ten que ter toda materia viva. Todo ser vivo ten un principio (nace) e un fin (morre).

O ser humano ten dúas partes, estas partes son o corpo e a alma. A alma háchase posuída polo mal debido ás necesidades do corpo. Mentres o corpo manteña as necesidades que emporquen o alma, esta nunca coñecerá o real. Esta purificación só se leva a cabo se o alma se separa do corpo completamente.

- **O relativismo cultural.**

Un xefe samoano que visitou Europa dixo que se consideramos que Deus é o que máis ama cada un; o Deus para os europeos era o diñeiro. O diñeiro ten moitos nomes por toda Europa pero segue sendo o mesmo.

A vida en Europa se non se ten cartos davondo é parecido a un home sen cabeza. Incluso se descubren que non tes cartos, pódente degradar e meterte no cárcere; chegando incluso a insultarte e porte en mal lugar públicamente. Debido a isto todas as persoas queren ter máis cartos, ou meteal redondo e papel toco según o xefe, que o outro, aínda que sexa un irmán ou mismamente o teu pai ou túa nai.

A admiración que se ten dun home en Europa non se mide pola nobreza ou valor deste, senón pola cantidade de cartos que ten acumulados. Canto máis cartos teñas máis famoso e poderoso chegarás a ser no mundo dos europeos.

• **DIALÉCTICA NATUREZA-CULTURA**

• **O biolóxico e o cultural.**

Os dous sistemas de comportamento que se cree que están separados encóntranse intimamente relacionados. Estes comportamentos son os biolóxicos e os culturais.

• **Da evolución biolóxica á evolución cultural.**

A evolución humana, unha vez chegado ó estado sapiens, xa non será xenética senón cultural.

A división dos humanos non será por razas xenéticas senón por pobos culturais.

A principal problemática é que se existe unha única cultura desaparece a diversidade e probocaría o empobrecimento cultural. Isto é tan grave como o empobrecimento xenético dalgunha especie animal. Nos dous casos desaparecería a diversidade e existiría un empobrecimento.

• **Dialéctica natureza-cultura.**

O noso destino é, evidentemente, excepcional en relación ós animais; como non habíamos, pois, de crer que, vindos da natureza, non teñamos pasado a ser extranaturais e sobrenaturais.

Unha das problemáticas é que as principais actividades naturais (comer, durmir, defecar,...) están prohibidas pola nosa cultura.

Os animais modifican a natureza estando nela pero o home modifícaa e domínaa.

O erro converteu ós animais en homes: ¿podería a verdade volver a converter ós homes en animais?.

A cultura humana é a maneira de controlar e remodela-la natureza.

• **O animal paradóxico: a razón e a senrazón.**

Existen varios tipos de homes:

- Homo sapiens: home que coñece e trata de comprender o miolo do fenómeno.
- Homo ludens: home que fai actividades polas que non persegue ningún fin.
- Homo demens: home que fai o contrario do sapiens. É o contrario de sapiens.
- Homo negans: home que leva a contraria a expensas da súa supervivenia física.
- Homo esperans: home que espera e non renuncia á esperanza.

• **A COMPLEXIDADE DO SER HUMANO ANTE A CULTURA**

- Existen varios tipos de antropoloxía (científica, filosófica e teolóxica) que non se preocupan entre sí. En ningunha época do home estibéron as tres ideas tan quebrantadas como hoxe.
- *O que debe morrer é a autoidealatría do home que se admira na ramplona imaxe da súa propia racionalidade....*
- O home é o responsable de elixir o que vai facer nun futuro; cano se di que é responsable de si mesmo quérese dicir que é responsable de todos.
- O home non é libre ata que rompe toda unión que o une ó exterior, pódese dicir: ata que rompa o cordón umbilical. Similitud ó recién nacido que necesita da nai. O home preséntase na vida sen pedila pero ten que facela, henos dada pero non feita; o ser humano ten que facer algo para existir. A elección do que vai facer no futuro está determinado por unhas conviccións sobre as cousas.

Lester Ward. *Pure sociology* páx. 238. (29).

Lewontin, R.C.: *No está en los genes*, Edit. Crítica. Barcelona. 1987, páx. 155. (29).

Melotti V. *El hombre entre la naturaleza y la historia*. Península 81, páx. 324–331. (31).

Simone de Beauvoir. *Le deuxieme sexe*, Galimanrd, París, 1949, páx. 106. (31).

Giner, S., *Sociología*, Ed. Península, 1974, páxs. 87–88. (39).

Cassirer, *Antropología filosófica*, FCE, México, 1975, páx. 47. (43).

Ashley Montagu, *Homo sapiens. Dos millones de años sobre la tierra*, Guardian de Publicaciones, Madrid, 1970, páx. 146. (43).

E. Morín, *El paradigma perdido*, Kairós, páx. 155. (59).

F. Nietzsche, *Humano, demasiado humano*. (60).

E. Morín, *El paradigma perdido*, páx. 227. (65).

a Parte da Bioloxía que estudia a aplicación das leis da herdanza para o melloramento da especie humana.

b Conxunto de caracteres non indispensables para a reprodución e que permiten distinguir ós dous sexos da especie.